



A concelleira Eva Martínez, con representantes de Pazos, Viladóniga e Serantes | DANIEL ALEXANDRE

As asociacións veciñais de Serantes xúntanse de novo para homenaxear os maiores

A celebración conxunta faise por segundo ano consecutivo nas instalacións da Feira de Mostras

REDACCIÓN FERROL

As asociacións veciñais de Viladóniga, Pazos e Serantes únense esta fin de semana para render homenaxe aos maiores nunha festa conxunta que se celebrará por segundo ano consecutivo no recinto de FIMO e que conta de novo co apoio do Concello de Ferrol. Tal e como explicou onte na presentación pública o representante veciñal de Viladóniga, trátase dunha proposta coa que se dá continuidade a un evento que xa celebraban cada unha das entidades por separado. "O ano pasado acordamos facela xuntos por primeira vez, co apoio do Concello", comentou José Manuel Freire.

A celebración será este sábado, 26 de outubro, ás cinco da tarde, na cafetería do recinto feiral. Fletarase un autobús para facilitar a asistencia. Sairá ás 16.30 horas da asociación de Pazos e pasará por Viladóniga e Serantes. Ao remate fará o percorrido inverso para devolver aos participantes a casa.

O VINDEIRO ENCONTRO SOBRE TELEASISTENCIA SERÁ EN COVAS O DÍA 30

O Concello de Ferrol desenvolve nas últimas semanas un programa informativo destinado ás persoas maiores que viven soas, para que poidan manter a súa independencia tendo controlados posibles riscos. Trátase do servizo de teleasistencia da Cruz Vermella, que ten 200 prazos en colaboración co Concello de Ferrol que aínda non están cubertas na súa totalidade. De aí a necesidade de dalo a coñecer. A primeira das charlas celebrouse en Caranza e a segunda foi a pasada semana no local social de San Xoán. A próxima será no local social de Covas, o día 30, ás sete da tarde. Acudirá a concelleira e persoal da Cruz Vermella.

"O acto é sinxelo", explica Freire. Trátase dun "agradecemento á traxectoria vital das persoas maiores de 80 anos porque eles representan todo un cúmulo de experiencia e de traballo que aproveitamos as xeracións que vimos detrás". E é tamén unha maneira de animalos a "seguir contribuíndo" á vida da comunidade.

Representantes das asociacións veciñais participantes, xunto coa concelleira de Benestar Social, Eva Martínez Montero, presentaron no Concello a actividade, que inclúe unha aposta polo envellecemento activo como forma de mellorar a calidade de vida dos maiores. Estiveron presentes Enrique López Mosquera, de Pazos, e Luis Casas Trinidad, de Serantes. "Para nós é unha obriga participar neste tipo de actividades", comentou a concelleira. Ademais, recordou que este mes de outubro se lle dedica aos maiores e unha iniciativa coma esta permite prestar máis atención á zona rural e ás súas dificultades específicas. "O colectivo de persoas maiores xeralmente se atopa en situación de vulnerabilidade e na zona rural é todavía maior".

Homenaxe e música

A actividade comezará cunha charla do doutor Carlos Piñeiro centrada precisamente no envellecemento activo e os beneficios para a saúde de manter unha actividade física e mental acorde coa idade, así como unha dieta saudable. Despois deste acto divulgativo celebrarase a homenaxe aos maiores de 80 anos, con entrega de agasallo aos que se incorporan a esta década durante o 2019. Son unha decena de persoas.

Logo da parte formal será o momento de compartir unha merenda e de gozar coa música de Almudena Meijomil. ●

A fragata "Méndez Núñez" fai escala na illa de Pascua na súa navegación arredor do mundo

REDACCIÓN FERROL

A fragata "Méndez Núñez" continúa coa súa volta ao mundo, en lembranza da que fixeron hai cincocentos anos os mariñeiros da expedición Magallanes-Elcano (e que precisamente nestas datas vislumbraban o cabo Vírgenes e adentrábanse no paso polo sur, que pasaría a chamarse estreito de Magallanes). O barco con base en Ferrol fai o percorrido en sentido inverso, navegando cara ao leste, e a pasada fin de semana pisaba a illa de Pascua, Rapa Nui na lingua local.

O comandante da F-104, Antonio González del Tánago, xunto co agregado de Defensa da embaixada chilena, visitaron á gobernadora da illa, Tarita Rapu, e ao alcalde de Hanga Roa.

Cooperación con Cabo Verde

O patrullero "Atalaya", pola súa parte, continúa co despregue africano, colaborando coas ma-

riñas dos países da costa occidental do continente, na zona do golfo de Guinea. A Unidade de Seguridade "Canarias", a bordo do barco, desenvolve estes días accións de formación e cooperación con Cabo Verde.

Os barcos integrados no grupo permanente da OTAN SNMG-2, a "Blas de Lezo" e o BAC "Patiño", continúan o seu despregue logo de concluír o exercicio "Dynamic Mariner-Flotex 19", que se levou a cabo en augas próximas á costa española. Participaron buques de 18 países nun exercicio que coordinou a 32 buques de superficie, dous submarinos e 18 aeronaves. A comandante do grupo, José Kurtz, da mariña canadense, felicitou ao mando español polo liderado nunhas manobras complexas que cualificou como "tremendamente valiosas" para o adestamento destes grupos de acción inmediata. Ademais é unha preparación para que o mando español lidere en 2020 o NRF (Nato Response Force). ●



O comandante do barco visitou á gobernadora da illa Rapa Nui | A.E.

► VIOLENCIA

A Asociación de Persoas Xordas imparte unha charla contra as condutas machistas en La Salle

A avogada Margarita Durán, da Asociación de Persoas Xordas de Ferrol, imparte hoxe unha charla no colexio La Salle centrada na prevención das condutas machistas que poden derivar en malos tratos. Esta actividade forma parte dos proxectos de voluntariado Inclusigna e SignaVoluntariado que leva adiante esta asociación. A AXF é unha entidade de carácter comarcal que traballa para derrubar barreiras coas que se atopa este colectivo na súa vida diaria.

► PALESTRA

Información sobre o párkinson nunha sesión informativa en Caranza

A asociación Párkinson Ferrol organiza esta tarde unha charla informativa coa finalidade de dar a coñecer a enfermidade e tamén os recursos dos que dispoñen os afectados, incluíndo os que ofrece a propia entidade. Será no auditorio do Centro Cívico de Caranza, a partir das seis da tarde. A asociación atende as consultas tamén no 981 359 593 e no correo parkinsonferrol@yahoo.es.